


ARREPÍOS E OUTROS MEDOS

Concurso de microrrelatos para alumnos/as da ESO



Sen ter medo non hai posibilidade de ser, de sentir, de saber, de soñar e de vivir..



Convidámoste a entrar neste mundo imaxinario, queremos que esribas un microrrelato, ou dous ou máis, e que lle busques as costas e o lombo ao medo, que o mires de fronte e que tentes ver de que cor ten o pelelo. **E atrévete a contárnolo!!**

BASES:

- 1.^a. Poderán concursar todos/as os/as alumnos/as de ESO. Establécense 4 categorías, unha por cada curso: 1.^º ESO, 2.^º ESO, 3.^º ESO e 4.^º ESO.
- 2.^a O microrrelato englobarase nos xéneros de terror e/ou misterio.
- 3.^a. O microrrelato estará escrito en lingua galega e será inédito. Deberá estar ambientado nunha parroquia do concello de Vedra.
- 4.^a. En ningún caso poderá presentarse un que xa fose premiado.
- 5.^a. A extensión do microrrelato non superará as 150 palabras. O texto estará mecanografiado a dobre espazo nunha folla DIN A-4, tipo de letra Arial 12; no que terá que figurar o título do relato e o pseudónimo do/a autor/a.
- 6.^a. O microrrelato, escrito en prosa, virá acompañado dunha foto (imaxe, ilustración ou debuxo) que ilustre e complemente o texto. O/a alumno/a deberá ser o/a autor/a da foto (ou outra imaxe que se inclúa). A foto non puido ser obxecto de premio nouros certames.
- 7.^a O traballo deberá presentarse en dous sobreos pechados. No exterior do primeiro sobre indicarase o título do conto, o pseudónimo elixido polo autor e o curso. No segundo sobre -pechado- introduciranse os datos persoais de identificación do/a autor/a (nome e apelidos).
- 8.^a. Admitirase máis dunha obra por autor/a.
- 9.^a. Os traballos entregaranse ás profesoras de Lingua Galega do centro.
- 10.^a. O prazo de entrega dos microrrelatos finalizará o día 27 de outubro de 2017.
- 11.^a. O xurado estará formado por alumnado pertencente ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- 12.^a. O xurado reserva para si o dereito a declarar deserto o concurso se, segundo o seu criterio, os traballos presentados non reunisen a calidade suficiente.
- 13.^a. Os gañadores do concurso daranse a coñecer na primeira semana de novembro de 2017.
- 14.^a Outorgarase un premio por curso.
- 15.^a. Calquera circunstancia non prevista nas bases desta convocatoria será resolta polo xurado.